

Concello de Covelo

D. JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Covelo (provincia de Pontevedra),

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de outubro do ano dous mil vinte e cinco, adoptou, entre outros, o acordo que deseguido se transcribe na súa literalidade, coas reservas que resulten da aprobación definitiva da acta:

“.....

14º.- Expediente 1282/2025. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL CICLO DE MÚSICA DE BARCIA DE MERA.

Vista a solicitude presentada o 10 de outubro de 2025 (Rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1.504) de axuda económica presentada por D. José Rafael Antela Alfaya con D.N.I. nº [REDACTED], en calidade de representante legal da Asociación Cultural Ciclo de Música de Barcia de Mera con CIF nº G-94.171.279, na que solicita unha subvención total por importe de tres mil euros (3.000,00 €) para o XVII Ciclo de música relixiosa de San Martiño de Barcia de Mera (Expte. nº 1.282/2025).

Visto que entre os obxectivos do Concello atópase o de promover actividades culturais.

Tendo en conta que na base 56ª das bases de execución do orzamento do exercicio 2025, recóllese unha subvención nominativa a favor da Asociación Cultural Ciclo de Música de Barcia de Mera.

Vista a existencia de crédito na partida orzamentaria 334.48 no citado orzamento.

Prevía deliberación a Xunta de Goberno Local, de conformidade co último parágrafo da base 56ª das bases de execución do orzamento do exercicio 2025, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Conceder á Asociación Cultural Ciclo de Música de Barcia de Mera con CIF nº G-94.171.279 unha subvención nominativa polo importe de tres mil euros (3.000,00 €), para o XVII Ciclo de música relixiosa de San Martiño de Barcia de Mera, e aprobar o gasto correspondente na partida 334.48 do orzamento vixente pola mesma cantidade, por estar previsto na base 56ª das de execución do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2025.

Segundo.- Proceder a asinar o convenio de colaboración entre o Concello de Covelo e a Asociación Cultural Ciclo de Música de Barcia de Mera de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao interesado.

.....”

E para que conste e para os efectos oportunos, expido a presente certificación, co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Juan Pablo Castillo Amigo, en Covelo, na data da sinatura electrónica.

O secretario-interventor

**Vº e Praxe
O alcalde**

JUAN PABLO CASTILLO AMIGO (1 para 2)
D.N.I. 24102025
Sinatura: 24102025
HASH: ca7ca154a3adce2937f39ce6a6ae94d

JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA (2 para 2)
D.N.I. 24102025
Sinatura: 24102025
HASH: 01c6f138ad7d160b5d847c5816df3800

